

ἡ δικαιοσύνη

καὶ

ὁ πόλεμος

ἐν τῇ παλαιᾷ Ἑλλάδι

A XUSTIZA E A GUERRA NA ANTIGA GRECIA

ή

δικαιοσύνη

A democracia ateniense desenvolveu un sistema legal no que todos os cidadáns debían participar: a base do poder xudicial estaba na Asemblea (Ἐκκλησία), que exercía como tribunal.

Ademais, da propia asemblea emanaban, de forma directa ou indirecta, outras institucións que se encargaban de impartir xustiza

ἘΚΚΛΗΣΙΑ
& ΒΟΥΛΗ

xulga

Delitos contra
a seguridade
do Estado

Tribunal
da Heliea

xulga

Delitos
en xeral

Consello
do Areópago

xulga

Delitos de
homicidio

Non existía unha fiscalía, nin tampouco policía: para que actuasen os tribunais debía darse unha denuncia particular, a cal investigaba un xuíz instrutor; se este decidía que había caso, mandaba que se designase un xurado por sorteo. Denunciante e denunciado falaban diante del (ás veces encargaban os seus discursos a especialistas, chamados logógrafos), e podían citar testemuñas que apoiasen as súas declaracións.


Como moitas condenas consistían na confiscación de bens, unha parte dos cales era recibida polo denunciante, xurdiron delatores “profesionais” (sicofantes). Para limitar isto, estableceuse que o denunciante debía ser condenado se non obtiña, como mínimo, un 20% dos votos do xurado



Unha vez ó ano, a Εκκλησία podía reunirse para decretar o desterro dun cidadán que se considerase indesexable ou perigoso para a seguridade do Estado, aínda que non estivese formalmente acusado de ningún delito.

Os membros desa Asemblea escribían o nome do futuro exiliado nun pedazo de cerámica, chamado en grego ὄστρακον; de aí xurdiu a nosa palabra “ostracismo” como sinónimo de desterro.

Ademais, o exilio voluntario aceptábase como conmutación de case calquera pena imposta por un tribunal ordinario (multas, confiscacións de bens ou mesmo a pena de morte)



ὁ


πόλεμος

A guerra foi moi importante no desenvolvemento das πόλεις gregas, tanto para as súas loitas entre si como para a defensa de inimigos exteriores.

En Esparta todo cidadán prestaba servizo militar entre os 16 e os 60 anos, e en Atenas dos 18 ós 60.

Os exércitos constaban, en xeral, de hoplitas (infantería pesada), peltastas (infantería lixeira), e servizos auxiliares (arqueiros, fondeiros, operadores de catapultas...); os dous últimos corpos adoitaban estar formados por mercenarios estranxeiros. A cabalería foi pouco importante, agás en Tebas. Atenas destacou polo seu dominio do mar, grazas ás súas trirremes

Os mellores hoplitas eran os espartanos, moi ben adestrados pero de escaso número. En Tebas creouse unha forza de elite, o Batallón Sagrado (Ἱερὸς Λόχος); os seus membros estaban unidos por lazos amorosos



As armas utilizadas dividíanse en defensivas e ofensivas (ὅπλα). As primeiras eran o casco (κράνος), a coiraza (θώραξ), as grebas (κνημίδες) e o escudo (ἄσπις); as segundas eran, basicamente, a lanza (δόρυ) e a espada (ξίφος).

O procedemento para declarar a guerra esixía unha consulta previa ós deuses; logo entrábase en combate, que consistía normalmente no choque frontal dos dous exércitos ata que un deles perdía a formación e desordenaba as súas ringleiras (en xeral, non se facían prisioneiros). Como lembranza da vitoria, o bando gañador erguía un túmulo con armas capturadas ó inimigo: recibía o nome de τρόπαιον, de onde temos a palabra “trofeo”, aínda que o seu senso evolucionou

